

RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA)

■ Concepto:

É unha prestación social de carácter periódico destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, mediante un proxecto personalizado de inserción constituído por un conxunto de accións tendentes á mellora da integración persoal, familiar, social e, se é o caso, laboral da persoa beneficiaria.

■ Requisitos de acceso:

- Estar empadroadado/a e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polo menos durante o ano inmediatamente anterior á formulación da solicitude. Enténdese por residencia efectiva aquela na que habite o/a solicitante por tempo superior a seis meses nun período de doce. Quedan eximidas do cumprimento deste requisito dun ano:
 - Aquelas persoas que, procedentes doutras comunidades autónomas do Estado español, sexan beneficiarias do salario social na Comunidade Autónoma da que proceden, sempre que na lexislación desa Comunidade se recolla a reciprocidade
 - As vítimas de violencia doméstica que cambian o seu domicilio por motivos de seguridade
 - Os/as emigrantes galegos retornados cando fixen a súa residencia en Galicia. Asemade, aquelas persoas nadas en Galicia que residindo noutras comunidades autónomas volvan fixar a súa residencia en Galicia

Os cidadáns e as cidadás doutros estados non membros da Unión Europea precisarán, ademais, acreditar a residencia legal en España no momento da formulación da solicitude.

- Ter constituída unha unidade de convivencia independente, vinculada economicamente á persoa solicitante.
- Ter unha idade comprendida entre os 25 e os 65 anos.

Non obstante, tamén poderán ser beneficiarios/as:

- Menores de 25 anos, que reunindo o resto dos requisitos, teñan menores ao seu cargo.
 - Persoas maiores de 18 anos que, tendo recoñecida a condición de minusvalía, non teñan dereito a prestación ou axuda de igual ou análoga natureza.
 - Persoas maiores de 18 anos que, antes de acadaren a maioría de idade, estivesen tuteladas pola Xunta de Galicia e internadas en centros de protección de menores ou en acollemento familiar.
 - As persoas maiores de 18 anos en situación de orfandade absoluta que, reunindo os demais requisitos, non teñan dereito a outras prestacións ou axudas de análoga natureza.
- Dispoñer de recursos económicos inferiores á contía da prestación económica da RISGA que no seu caso lle corresponda.
 - Que non existan persoas legalmente obrigadas e con **posibilidade real de prestar alimentos**. A xuízo do órgano de resolución, poderase eximir deste requisito aqueles solicitantes dos que se prevexa que a obriga de alimento non se poida facer efectiva por malos tratos, relacións familiares deterioradas ou inexistentes, das que exista constancia no expediente.

■ **Lugar de presentación**

- Servizos Sociais de Atención Primaria

■ **Prazo de presentación:**

- Durante todo o ano.